

Praia Area dos Cans

Un tesouro agochado baixo a superficie

Zooloxía

Historia

Medio Mariño

Localización: Illa de Ons

Coordenadas: 42.374381, -8.93301

Area dos Cans é unha das praias máis emblemáticas de Ons. De area branca e fina, as súas augas permiten descubrir a extraordinaria biodiversidade mariña da illa.

Non esquezas as lentes de mergullo!



Descrición

Area dos Cans é o areal máis próximo ao peirao de Curro. Con vistas ao peirao e á ría de Pontevedra, esta praia pouco profunda, encravada entre rochas que se afunden no mar, é un paraíso para


todos aqueles que queiran gozar da riqueza submariña de Ons.

Para a observación

Biodiversidade mariña

Coa marea baixa é doado acceder a unha das mellores zonas intermareais da illa, que permite apreciar a gran biodiversidade de organismos mariños que agochan estas augas.

A pouco que nos fixemos, veremos dende mexilóns (*Mytilus galloprovincialis*) ata percebes (*Pollipes pollicipes*), lapas (*Patella sp.*), caramuxos (*Monodonta lineata*; *Gibbula cineraria*; *G. magus*; *G. pennanti*; *G. obliquata*) e multitude de especies distintas de algas. Nas pozas que quedan nas rochas cando baixa a marea, tamén se atopan estrugas de mar (*Anemonia viridis*; *Actinia equina*; *A. fragacea*), camaróns de rocha (*Palaemon serratus*) ou lorchos (*Gobius cobitis*).



Non debes perder

A Laxe do Crego


Cando a marea está moi baixa, se nos adentramos polas rochas mar adentro, atoparemos a Laxe do Crego, un sarcófago antropomórfico de 1,80 m que data da Idade Media. Algúns estudos afirman que podería tratarse da tumba dalgún monxe eremita que habitou as illas. Outras teorías sinalan que tal vez fose un sepulcro onde os monxes da illa rezaban e practicaban o ascetismo.



Ourizos

Este areal é tamén un lugar especialmente idóneo para mergullarse no mar. A súa escasa profundidade e a nitidez das súas augas, fan que a costa rochosa, que se estende a ambos lados da praia, sexa perfecta para coñecer a riqueza da vida mariña. Veremos esponxas de mar que van desde o laranxa brillante ata o branco puro, algas de diferentes formas

e cores, e unha gran variedade de peixes de distintas formas e tamaños. Prestando máis atención, pódense descubrir crustáceos como centolas (*Maja squinado*) ou nécoras (*Necora puber*), e incluso gozar do espectáculo de ver como os polbos (*Octopus vulgaris*) ou os chocos (*Sepia officinalis*) mudan de forma e cor segundo precisen.



Cytisus insularis

? Sabías que?

No ano 1998 atopouse que boa parte das xestas presentes na illa de Ons amosaban diferencias morfolóxicas con *Cytisus striatus*, especie á que supostamente pertencían. Estas resultaron ser unha especie distinta á que lle chamaron *Cytisus insularis*, endémica de Ons e o illote de Vionta (Sálvora). Trátase dun arbusto lenoso, que pode acadar os 2 metros de altura, de follas unifoliadas, froitos aplanados e maior número de semillas por fruto que *C. striatus* que se atopa fundamentalmente nas zonas de acantilados acompañando aos toxos.

